

**Nº 20 / 5º Aniversario**

**Xoves, 17 de decembro de 2009.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (da Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas.** Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

O 23 de decembro de 2004, comezaba a andaina do nº 0 desta revista oral editada polo MPL coa pretensión de ser "...un espazo onde conflúan os camiños polos que transita a inspiración dos creadores..., un punto de encontro e de reflexión arredor da cultura e da xestión cultural...". Nese empeño continuamos.

**SUMARIO****Portada musical**

Tema: *Dous fandangos* (tradic.)  
Intérprete: **Daniel Pando** (3')

**Lectura**

Conto-canción "*Mago-Goma*", por **Toño Núñez.** Acompañamento musical:  
**Xabier Pérez** (5')

**Cine**

Proxección: *Simón* (curtametraxe dirixida por **Andrés Goteira** (7')

**Memorial de agradecementos (I)**

*O pazo das musas, 5º aniversario*, vídeo-montaxe de **Lucía Picado** (10')

**Exposición virtual**

*Lázare. Memorias 1994-20909*, por **Jesús López Lázare** (10')

**Música**

Tema: *Xotas da Fonsagrada* (tradic.)  
Intérprete: **Daniel Pando** (3')

**Lectura**

"*Noite*" e "*Quérote*", por **Toño Núñez.**  
Acompañamento musical: **Xabier Pérez** (6')

**Memorial de agradecementos (II)**

*O pazo das musas, 5º aniversario*, vídeo-montaxe de **Lucía Picado** (10')

**Lectura**

*Poemas de amor*, por **Toño Núñez.**  
Acompañamento musical: **Xabier Pérez** (8')

**Cine**

Presentación e proxección: *O paquete*, curtametraxe dirixida por **Andrés Goteira** (18')

**Opinión**

Intervención do público (3')

**Epílogo**

Por **Aurelia Balseiro**, directora do MPL (3')

**Contraportada musical**

Tema: *Muiñeira de Grandas* (tradic.)  
Intérprete: **Daniel Pando** (3')

## COLABORAN NESTE NÚMERO

### Gaitafilms

Gaitafilms é unha pequena factoría meirega de curtametraxes *amateur*. Nace en 2005 con "Rem", unha curta experimental feita co único propósito de aprender e somerxirse neste mundo polo que nos sentimos atraídos. Froito do interese despertado, no ano 2006 realizamos a curta "Memoram", un tanto surrealista e experimental, protagonizada por Suso López e Adrián Folgueira, que non deixa de formar parte dun proceso de aprendizaxe. No 2007 xurde "Simón", unha historia que continúa o fio experimental desta factoría. Presentada a un par de concursos, gaña o segundo premio nun deles. Ata o de agora pasa por ser a curta que máis gusta a amigos e familiares. No 2008, subimos un chanzo máis para realizar "Que lle Pasa a Pepe Pistola!", unha curta máis traballada a nivel técnico e artístico. Pepe Pistola foi presentada ao concurso *Curtasnarede*, no que gañou o premio do público a mellor curtametraxe, tamén foi emitida na TVG no programa "Ondacurta". No ano 2009 acadamos con "O PAQUETE" o primeiro premio de ficción de curtas na rede, e tamén nominacións a mellor montaxe e mellor dirección. "O PAQUETE" é de momento a curta que máis tempo nos roubou e coa que intentamos dar un paso máis axigantado en diferentes aspectos técnicos e de produción. Por outra banda, noutros movementos audiovisuais realizamos unha intro-documental sobre o declive do pequeno comercio, "Xigantes", que formou parte dunha práctica universitaria. Na actualidade atopámonos inmersos nun mar de desorientadas ideas, sin saber de momento cal vai ser o noso seguinte pequeno proxecto que ocupe o noso tempo libre, mais sempre tendo en mente a ilusión por darlle vida a un verde, moi verde guiño, que por tamaño, din, lle corresponde á longametraxe.

**Simón** // Andrés Goteira (Dirección e montaxe); Suso López, Adrián Folgueira e Andrés Goteira (Producción); Suso López, Ana García, Adrián Folgueira, Jose da Flor, Alberto Carballal, Alejandro Camiño e Roberto Colmenares (Intérpretes). Sinopse: Dende que era pequeno, Simón sempre tivo na mente aquilo que lle decía seu pai - *Algún día van a vir, van a vir e levaranvos a todos, só se salvarán os que permanezan baixo a auga...*

**O Paquete** // Andrés Goteira (Dirección e montaxe); Suso López, Adrián Folgueira e Andrés Goteira (Producción); Suso López, Ana García, Adrián Folgueira, Jose da Flor, Miguel da Flor, Manolita Castro e Federico "O Químico" (Intérpretes). Sinopse: Todo xira en torno a un pequeno paquete e unha fronteira en medio de ningures, é alí onde se sucede esta pequena historia de moitos anos atrás.

### Jesús López Lázare

Formouse na Escola "Ramón Falcón" de Lugo desde 1976 a 1980 na especialidade de debuxo, e recibiu clases de debuxo no estudo do pintor lucense López Guntín. Desde 1978 expuso en numerosas saas de Lugo, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos e A Coruña. Foi galardoado co Primeiro Premio de Artes Plásticas "Cidade de Lugo" (1976) e co segundo premio no Certame de Artes Plásticas "Cidade de Lugo" (1982). Actualmente pode visitarse na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo (do 5 de novembro ao 30 de decembro de 2009) unha retrospectiva da súa produción con óleos, acuarelas e debuxos que leva por título "Lázare. Memorias 1994-2009".

### Toño Núñez

Navia de Suarna, 1959. É mestre e escritor afeccionado. Na actualidade exerce no IES de Palas de Rei (Lugo), onde imparte clases de Lingua e Literatura Galega no 1º Ciclo de ESO. Antes disto, traballou con nenas e nenos de Educación Infantil durante vinte anos. Foi precisamente nesta época,

cando empezou a escribir e a publicar contos para primeiros lectores. Tamén ten publicado o libro *Navia, Nai* (Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo), libro que inclúe relatos e poemas sobre a súa vila natal e sobre as súas xentes; un libro escrito e publicado adrede en galego *naviego*; é dicir, na variante oriental do galego. Artigos de opinión, algún traballo didáctico, relatos e poemas seus teñen sido publicados en xornais, libros colectivos e revistas especializadas; principalmente en *Xistral*, a revista poética que edita o Concello de Lugo. Ademais, é integrante do Conxunto Vocal Lugh, dirixido por Fernando Gómez Jácome.

### Daniel Pando

Daniel Pérez López (Daniel Pando), naceu o 18 de Novembro de 1985 en O Pando de Cuiñas, un casarío do concello de A Fonsagrada, no seo dunha familia de forte tradición musical. O seu bisavó, Jesús, tocaba a frauta traveseira, organizándose na cociña de lareira da súa casa *polavilas* as que acudían a xente dos pobos de arredor e tamén outros músicos. Dous tíos-avós seus, Hermenegildo e Emilio tocan a trompa, ademais doutros moitos instrumentos este último. De rapaz, o seu tío Sergio tocou a batería chegando a formar un grupo co que actuou en numerosas festas e romarías. Os primeiros contactos de Daniel Pando coa trompa foron durante un cursiño de iniciación ó instrumento que Emilio do Pando foi dar a *Aula de Música Tradicional Gomes Mouro* de Ourense no ano 2002. Este cursiño esperta nel unha reflexión sobre a situación actual do instrumento que o leva a comezar un proxecto de recuperación e dignificación da trompa. Emilio do Pando, a quen considera o seu mestre e todo un referente da música tradicional galega, inflúe moito no seu aprendizaxe e en todo o seu camiño percorrido arredor da trompa. Xunto con Emilio do Pando e co asturiano Xuacu Amieva participa en diversos relatorios, concertos e gravacións para televisión e radio.

### Lucía Picado Dopico

Nacida en Betanzos en 1979. Licenciada en Historia da Arte nas especialidades de Arte Moderna e Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela, posgraduada como Educadora de Museos pola Universidade de Zaragoza e actualmente realizando o proxecto museopedagóxico para o *Máster en Museos: Educación e Comunicación* da mesma universidade. Acaba de rematar unha estadía de doce meses como bolseira no Departamento de Etnografía e Artes Decorativas no MPL, tendo anteriormente traballado en labores de documentación de arte galega para Consultarte e colaborado nos departamentos didácticos da Fundación E. Granell e do Museo do Ferrocarril de Madrid.

### José Javier Pérez Castro

Nacín o 14 de abril do 1966 en Lugo. Son licenciado en filoloxía xermánica e tamén en Musicoloxía. Fun membro dos seguintes grupos Sindikato Agrario, Hermanos Grimm, los Psikopatas, los Inútiles, O Carro, los Animales Silenciosos, los Gansos, Starluxes, Kimuru. Tamén das orquestras Breixa Band e Galaxia, e das bandas de directo dos programas *O Rei da Comedia* na TVG e *Quedamos esta noite* de Lugovisión. Compuxen as bandas sonoras das curtametraxes *As xoias da señora Bianconero*, *Gran Liquidación* de Jorge Coira; de series como *O Grial de ancares...* e de *A Rebelión do Monicreque*, obra de Matapiollos teatro. Fun pianista-actor na obra *Cabaret Tantan*, do grupo Chevere con b, compuxen a música e acompañei en directo curtas mudas galegas de primeiros do século XX, como *Miss Ledyia*, *Sociedad La Artística*, *Nuestras fiestas de allá...* e a longametraxe de Lotte Reimniger *As aventuras do príncipe Ahmed*. Toquei con Besoso, grupo tradicional de guinea ecuatorial, e como músico convidado en discos de Los contentos "Los Contentos" e Yellow Pixoliñas "Galician people speak galego" e con O Carro no disco "Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro"...